

FUNDACIÓN LISTE MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO

CONCELLO
DE VIGO



PROGRAMACIÓN 1º TRIMESTRE 2025
XANEIRO FEBREIRO MARZO

ÍNDICE

Exposición permanente	páx. 3
Exposicións temporais	páx. 4 e 5
Actividades cíclicas	páx. 6
Actividades especiais	páx. 7
Obradoiros emerxentes	páx. 8
Percorridos alternativos	páx. 9
Convocatorias e concursos	páx. 10
Información xeral	páx. 11



CONCELLO
DE VIGO



FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
VIGO

EXPOSICIÓN PERMANENTE

Colección etnográfica formada polos fondos aportados por Olimpio Liste e enriquecida con posteriores incorporacións.

Clasifícase en varias salas temáticas que abranguen diversos aspectos patrimoniais, establecendo un diálogo entre a cultura material e a inmaterial do pobo galego.

Son pezas protagonistas na transmisión de coñecemento e valores que permiten unha interpretación do pasado que nos leva á comprensión do presente.

VISITAS GUIADAS

(SÓ PARA GRUPOS
PREVIA SOLICITUDE)



SALAS TEMÁTICAS

Os tecidos

Simboloxía dos oficios

O peche

A madeira escavada

A luz

A materialidade da fe

A arte de curar

Os cultivos tradicionais

QUERIDOS OBXECTOS: NOSTALXIA E SEDUCIÓN

Recolle arredor de oitenta pezas orixinarias de máis de vinte e cinco países, cedidas, temporalmente, por viaxeiros e coleccionistas.

Xorde dun proxecto participativo que acolle a dimensión simbólica dos obxectos adquiridos como testemuños de viaxes.

A lembranza de viaxe, o *souvenir*, o recordo, ... alberga na súa materialidade a experiencia inmaterial do viaxeiro que, no seu devezo por atesourar as súas vivencias, trae ata nós, a través do seu xeneroso compartir, lembranzas e desexos.

Lugar: Sala de Exposicións Temporais.

Datas: ata o 31 de decembro.



O NADAL NA TRADICIÓN

Escolma de nacementos incorporados aos fondos do museo a partir das doazóns de particulares que recollen as diversas iconografías belenistas dos países de tradición católica.

Destacan os *presépios* portugueses e os microbeléns americanos.

Lugar: Sala A Madeira Escavada.

Datas: do 3 de decembro de 2024 ao 6 de xaneiro de 2025.

CONCELLO
DE VIGO



FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
VIGO

EXPOSICIÓN TEMPORAIS

MÁSCARAS RITUAIS IV

No marco da celebración das festas cíclicas anuais, o museo exhibe no Entroido a colección de máscaras e toucados de Entroido e Rituais que posúe, complementadas con préstamos temporais.


O Cigarrón, o Peliqueiro, a Pantalla, o Merdeiro, Madamas e Galáns, o Irrio,... serán os protagonistas da mostra.

Lugar: Sala de *A madeira escavada*.

Datas: do 18 de febreiro ao 8 de marzo.

ENTRADA GRATUÍTA

AGÁS VISITAS GUIADAS
(SÓ PARA GRUPOS PREVIA
SOLICITUDE)



PELADAS ERAN, PELADAS SERÁN... TÓDALAS MEIGAS

QUE ANDAN POLO CHAN

Rebeca Lar reinterpreta as corozas empregadas como elemento estigmatizante pola Inquisición. Na obra, aparecen bordadas con textos do *Malleus Maleficarum* que proclamaba o carácter malféfico feminino. Reflexiona sobre o papel das mulleres acusadas e cuestiona estereotipos de xénero vinculados coa figura da bruxa condenada, en moitas ocasións, pola súa participación no eido da menciña popular.

Enmárcase na liña de investigación teórico-artística da artista, centrada na linguaxe, a memoria e os estudos de xénero, desenvolvendo unha serie de obras de carácter feminista co *bruxesco feminino* como marco conceptual.

Lugar: Sala de *A arte de curar*.

Datas: do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.

ENTROIDO 2025:

MÁSCARAS RECUPERADAS DA TRADICIÓN

Dedicamos esta actividade ás máscaras protagonistas dos Entroidos galegos. Este ano centrémonos nas máscaras recuperadas e nas reinventadas (aquelas das que non se conservan datos que permitan a súa recuperación rigorosa aínda tendo unha base histórica).

Desenvolvemento:

- **Parte teórica:** orixe, evolución e liña temporal do Entroido con especial atención aos Vixigueiros de Paderne e Follateiros de Lobios.
- **Parte expositiva:** visita guiada e comentada á mostra "Máscaras rituais IV"
- **Parte práctica:** obradoiro de reprodución dalgún dos elementos das referidas máscaras.

Datas: do 18 de febreiro ao 8 de marzo.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Infantil, Primaria e E.S.O. (de 3 a 16 anos).



OS SONS DO TRABALLO

Escoita activa de sons relacionados cos oficios creando vencellos xeradores de coñecemento na identificación de ferramentas, profesións e tarefas.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución con breve percorrido pola Sala dos Oficios.
- Parte práctica: os participantes, provistos de antefaces, enfocarán a súa atención no recoñecemento de sons característicos de diversos oficios e elementos relacionados.
- Xogo de busca: procura e identificación de pezas referentes aos oficios a través de tarxetas.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Infantil e 1º Ciclo de Primaria (de 3 a 8 anos)

MARIANO MARCOS ABALO:

A VIDA DEBUXADA

Colaborador do museo, debuxante, escritor, autor do *Esconxuro da queimada*. A través dos seus debuxos, afondaremos en formas de vida pasadas unindo etnografía e arte.

Desenvolvemento:

- Parte expositiva: series "As árbores", "Os espantallos" e "As nosas cousas".
- Parte lúdica: xogo de aprendizaxe a través do recoñecemento e identificación de oficios, de pezas, acertixos por medio de seriados, reproducións dos debuxos do artista.
- Parte práctica: creación dun *Mouchiño de Mariano*.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Primaria (de 6 a 12 anos).

ENIGMA

Partindo da grande curiosidade que espertan as linguaxes cifradas convidámosvos a mergullarvos no enigmático mundo dos códigos.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución audiovisual a códigos e mensaxes cifradas.
- Parte lúdica: xincana con probas diversas nas que descifrar códigos: morse, braille, alfabetos numéricos, código aeronáutico,...

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de E.S.O (de 12 a 16 anos)



A EMOCIÓN:

UN ATALLO DA MEMORIA

Involucra o ámbito didáctico, cultural e patrimonial co aspecto social, integrador e normalizador da diversidade.

Desenvolvemento:

- Visita á “Simbología dos oficios” coa participación do grupo na construción do discurso.
- Obradoiro das lembranzas “Cada pola ao seu poleiro”, incide na atención activa e na linguaxe con actividades de relación, orde, ...
 - Parte lúdica “Festa no adro” con “Carrusel musical” de identificación de cancións; obradoiro “Les luthiers” coa realización dun pequeno instrumento; e “Fin de festa” coa formación dunha “charanga”.

Duración: 60-75 m.

Dirixido a: persoas con alzheimer e outras demencias que afecten á memoria.

ENTRE CULTURAS:

A MIÑA MALETA. NOVOS COMEZOS

Insire o museo no discurso da interculturalidade, centro de reflexión sobre a diversidade e formas de vida doutras culturas.

Desenvolvemento:

- Visualización dun audiovisual con información dos países de orixe dos participantes.
- Percorrido guiado pola exposición “Queridos obxectos” como ponte de coñecemento a través da que interpretar o patrimonio.
- Estratexia de representación con obxectos dos participantes de especial significado para eles.
- Achegamento a procesos vitais como potenciador da comunicación intercultural.

Duración: 60 m.

Dirixido a: persoas inmigrantes.

SORORIDADE:

IRMÁS MÁXICAS DE FÍO E AGULLA


Amosa o interese do museo por introducir a perspectiva de xénero na súa programación, a idea da sororidade e a súa comprensión e aplicación.

Desenvolvemento:

- Introducción á sororidade, os feminismos e a perspectiva de xénero.
- Visita guiada por diferentes salas atendendo ao vínculo entre a muller, o fiar, coser, tecer, etc. e a maxia, promovendo a participación.
- Actividade de creación (a elixir polo grupo unha das dúas opción):
 - OPCIÓN A: “Procesos máxicos” (técnica da cianotipia)
 - OPCIÓN B: “Tece que tece” (técnica do fotobordado).

Duración: 60-90 m.

Dirixido a: poboación xeral e, especialmente, grupos de mulleres.



PERCORRIDOS ALTERNATIVOS

PARA GRUPOS PRE-
VIA SOLICITUDE


Propoñemos un enfoque diferente no percorrido polas exposicións permanente e temporal co fío condutor de dúas temáticas:

- **Percorrido Alternativo I “A viaxe como medio, a viaxe como fin”:** visita ás exposicións permanente e temporal cun discurso centrado en aspectos como a itinerancia dos oficios; a espiritualidade das peregrinacións; o souvenir como obxecto simbólico da experiencia viaxeira, ...

- **Percorrido Alternativo II “Ao fío do dito”:** promove a relación entre os contidos museísticos e as paremias. Os refráns, proverbios, ditos, ... conforman un rico patrimonio oral, testemuña da sabedoría popular que se baleira de significado co devir dos tempos.

- **Duración aproximada:** 60 m.

Dirixido a: Bacharelato e adultos.



O primeiro millo é dos paxaros

CONCELLO
DE VIGO



CONVOCATORIAS E CONCURSOS

XII CONCURSO FOTOGRÁFICO

Convocado co gallo do Día Internacional dos Museos (18 de maio).

Baixo o lema "Ao son dun cantar", propoñemos captar un instante decisivo arredor da música e todo o que a define ou complementa, momentos que evidencien ou fagan intuír a súa presenza: instrumentos, músicos, bailes, xuntanzas e foliadas, e calquera outra expresión ou manifestación desta arte e os elementos a ela asociados.

AS BASES ÍNTEGRAS DESTAS
CONVOCATORIAS SERÁN
PUBLICADAS EN:

<https://museoliste.org/blog>

A PARTIR DO 1 DE FEBREIRO



XIII CONCURSO DE RELATOS PARA NENAS/OS

Promovido polo museo para celebrar o Día das Letras Galegas (17 de maio).

Este ano o lema é "Érase unha vez alguén que facía...", convíte a mergullarse no máxico mundo da habelencia artesá. A capacidade de crear obxectos que dotan á sociedade de todo o que precisa, converterá case en magos aos artesáns e artesás que protagonicen os vosos relatos. A través da súa figura, poderedes elixir recrear esa parte da historia que recupera o cotiá ou botar a voar a vosa imaxinación coas creacións e invencións máis imaxinativas dos vosos inventores-artesáns.

CONCELLO
DE VIGO



INFORMACIÓN XERAL

HORARIOS

DE MARTES A SÁBADO:

de 10:00 h. a 14:00 h.

MÉRCORES:

de 10:00 h. a 14:00 h. e
de 17:00 h. a 19:00 h.

PECHADO:

luns, domingos, festivos
(agás 17 de maio, Día
das Letras Galegas), 24 e
31 de decembro e Sábado
de Gloria.

TARIFAS

ENTRADA XERAL: 2 €.

ENTRADA REDUCIDA: 1 € (3ª idade,
parados, estudantes e grupos a partir de
10 persoas).

ENTRADA GRATUÍTA (agás visitas
guiadas): menores de 6 anos;
exposicións temporais e actividades que
así o indiquen; os mércores en horario de
tarde.

VISITAS GUIADAS E ACTIVIDADES (SEMPRE PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE):

XERAL: 2 €.

REDUCIDA: 1 € (Centros de ensino).

GRATUÍTA: Visita guiada ao museo dos
Centros de ensino do Concello de Vigo.

INFORMACIÓN E RESERVAS

986244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

repcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

<https://museoliste.org/blog/>

ESPAZO

“CO TEU CAN”

(DOGFRIENDLY)